

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 02 de xaneiro de 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Reparación da cuberta e fachada do auditorio do Centro Príncipe Felipe” (Expte.-2019039839)

O Secretario da Mesa de Contratación informa a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 5/11/19 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da obra “Reparación da cuberta e fachada do auditorio do Centro Príncipe Felipe”.

Con data 13 de novembro de 2019, publicouse o anuncio de licitación no Perfil do Contratante da Deputación, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público. Na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas electrónicas, a Mesa de Contratación celebrada o día 05/12/19, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa e a documentación técnica a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas:

- COVISAM NORTE, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Asemade acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas, ós técnicos do Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que as avaliasen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen neste procedemento.

Con data 17 de decembro emitiu informe o Xefe do Servizo de Arquitectura en funcións, relativo á valoración técnica das ofertas presentadas polos licitadores.

A Mesa de Contratación celebrada o día 19 de decembro de 2019, en base ó informe antecitado, acordou prestar conformidade ás puntuacións nel recollidas, sendo estas as seguintes:



LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRES "A"
COVISAM NORTE, S.L.	21,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	21,00

Na mesma sesión , a Mesa de Contratación, procedeu á apertura dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, presentados polas empresas que participan neste procedemento, e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima acadable (12,5 puntos), en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
COVISAM NORTE, S.L.	189.880,00	3%	36	NON	NON
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	198.239,42	3%	36	SI	SI

A continuación procédese á valoración das ofertas económicas, e polo tanto aplicando os criterios establecidos nos pegos de cláusulas económico-administrativas , a puntuación obtida polas empresas admitidas no sobre "B" é a seguinte:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE B
	VALORACION OFERTA ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS UNE-EN ISO 9001/14001	
COVISAM NORTE, S.L.	40,493	5	5	0	50,493
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	28,705	5	5	10	48,705

Á clasificación das empresas queda da seguinte forma:

LICITADORES	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACION TOTAL
COVISAM NORTE, S.L.	21,00	50,493	71,493
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	21,00	48,705	69,705

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da execución da obra "Reparación da cuberta e fachada do auditorio do Centro Príncipe Felipe", que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACION TOTAL
1ª	COVISAM NORTE, S.L.	71,493
2ª	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	69,705

2. Propoñer ó Órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reparación da cuberta e fachada do auditorio do Centro Príncipe Felipe”, á empresa COVISAM NORTE, S.L. (CIF B70416011), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado..... 189.880,00 €
(IVE)..... 39.874,80 €
Importe total 229.754,80 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa COVISAM NORTE, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e que está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para poder formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

Facultar ó Secretario de Mesa de Contratación para que requira a COVISAM NORTE, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

1. Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
2. Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.
3. Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, segundo o detallado nas cláusulas particulares deste prego.
4. Documento que acredite a constitución da garantía definitiva, por importe de **9.494,00€**

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a 2 de xaneiro de dous mil vinte.

